



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 941/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30 DE DECEMBRO DE 2020.

- 1.- Ratificación da urxencia.

ADMÓN . ELECTRÓNICA

- 2.- Expediente de contratación, por procedemento negociado ordinario, do servizo de mantemento de aplicacións externas (Contabilidade 2021). Expte. 9348/113.
- 3.- Expediente de contratación, por procedemento negociado ordinario, do servizo de mantemento da aplicación de Xestión de Recursos Humanos e Nóminas. Expte. 9301/113.

CONTRATACIÓN

- 4.- Recoñecemento de indemnización polos danos e perdas causados pola suspensión da execución do contrato de limpeza das áreas deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas como consecuencia do coronavirus COVID-19. Expte. 6476/241.

DISTRITOS

- 5.- Proposta de concesión de subvención directa á Diocese Tui Vigo mediante convenio específico para o financiamento do proxecto de “instalación da escultura do Sagrado Corazón na Torre da Capela da Guía” (fase 1) e proxecto de “alumeado ornamental no exterior da Capela da Guía” (fase 2). Expte. 2326/150.
- 6.- Modificación das anualidades de financiación do Convenio específico de concesión de subvención directa á Diocese de Tui-Vigo para contribuir ao financiamento das obras de “recuperación das instalacións do palco de música de Santa Mariña de Cabral”. Expte. 2325/150.

EDUCACIÓN

- 7.- Expediente de contratación do servizo para a xestión da Escola Infantil Municipal de Navia. Expte. 24685/332.

EMPREGO

- 8.- Reaxuste de anualidades do contrato dos servizos de formación do programa "Vigo pola inserción Laboral". Expte. 16574/77.
- 9.- Reaxuste de anualidades do contrato do servizo de formación do "Programa integrado para o emprego do Concello de Vigo 2019-2020". Expte. 16940/77.

FESTAS

- 10.- Proxecto de convenio de colaboración coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o evento Cabalgata de Reis 2021. Expte. 8715/335.
- 11.- Proxecto de convenio de colaboración coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais para o evento Cabalgata de Reis 2021. Expte. 8716/335.
- 12.- Proposta de adxudicación da contratación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares para a realización da Cabalgata Estática 2021. Expte. 8627/335.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

- 13.- Proposta estimatoria do recurso de reposición presentado pola Asociación Veciñal Helios de Bembrive contra acordo de resolución de "subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá do ano 2020". Expte. 9896/320.

RECURSOS HUMANOS

- 14.- Contratación laboral interina dunha oficial coidadora de mantemento, vixilancia e control, con cargo a praza vacante, para o Servizo de Vigozoo. Expte. 36739/220.
- 15.- Nomeamento interino acumulacion tarefas oficiais coidadores para Vigo-Zoo. Expte. 36833/220.
- 16.- Ampliación dos nomeamentos interinos de 21 traballadores/as por acordos da XGL de datas 18/09/2020 e, 16/10/2020 ata un máximo de seis meses no Servizo de Deportes. Expte. 36837/220.
- 17.- Nomeamento interino dun técnico superior economista para o Servizo de Inspección de Tributos. Expte. 36886/220.



Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL
Expte. 941/1102

SERVIZOS XERAIS

- 18.- Rectificación de erro material relativo ao expediente de aprobación do modificado nº 1 do proxecto “reparación de filtracións no teito da planta baixa da área de tributos e renovación de máquina de climatización” exp. 275/441
- 19.- Recoñecemento da inversión das obras da prórroga da concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas executadas ata 30 de xuño de 2020. Expte. 6664/440.
- 20.- Prórroga para o contrato de concesión administrativa da xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo a favor da concesionaria FCC Aqualia Vigo UTE. Expte. Expte. 742/441.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión extraordinaria e urxente na Sala do Pleno de xeito presencial e por videoconferencia o día **30 de decembro de 2020, ao remate da sesión ordinaria convocada para a mesma data**, en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

